



MIRELLA D'ASCENZO. *Per una storia delle scuole all'aperto in Italia.* Pisa: Edizioni ETS, 2018, 292 pp. ISBN 978-88-46-75378-6

As escolas ao aire libre foron unha creación moi innovadora nos primeiros anos do século XX. Apareceron nun contexto de loita contra a enfermidade infantil, especialmente a tuberculose, e tiveron no pediatra alemán Adolf Baginsky o seu primeiro defensor. Logo, Hermann Neufert e Bernhard Bendix abriron, o 2 de abril de 1904, en Charlottenburg, a primeira Waldschule iniciando un movemento que decontado se estendeu por outras cidades xermánicas como Dresde, Dortmund ou Múnic para chegar a Inglaterra en 1907, e aos Estados Unidos en 1908. Non é cuestión agora de describir os pormenores dun mo-

vemento que, como é sabido, se coñeceu en España a través de Domingo Barnés, e foi Rosa Sensat quen dirixiu a primeira escola do bosque promovida polo Concello de Barcelona e que abriu as súas portas en Montjuic o 8 de maio de 1914. Nela destacaba o edificio do arquitecto municipal Francesc Folguera e seguírialle en 1918 a escola da Dehesa de la Villa, en Madrid que fora deseñada polo arquitecto municipal Jesús Carrasco.

O movemento das escolas open air non foi en España especialmente intenso, a pesar de que na Segunda República emerxeu unha corrente pedagóxica que xa viña empurrando nos usos escolares para sacar os nenos e as nenas das aulas e achegalos/as ás contornas naturais, pero estas ideas foron máis difundidas por Europa tras a Primeira Guerra Mundial, especialmente por Adolphe Ferrière e Jean Dupertuis, quen despois de fundar unha escola ao aire libre en Villars-sur-Bex, no cantón suízo de Vaud, creou en 1921 o Bureau international des écoles de plein air, que foi absorbido en 1926 polo Bureau international d'éducation. O primeiro dos tres capítulos en que divide o libro céntrase nos escenarios e no contexto internacional en que florecen estas escolas (Scenari e contesti delle scuole all'aperto) que organiza en catro apartados. As orixes conforme a tradición europea, atendendo ás ideas precursoras de Vittorino da Feltre, Locke e Rousseau, a difusión do fröbelianismo, e xa no século XX, polas ideas de María Montessori e Lucy Latter, entre outras educadoras. En segundo lugar, a loita contra a tuberculose e o despegue das escolas ao aire libre como fenómeno internacional, no que non esquece as achegas españolas; en terceiro, as cuestións de hixiene social e

as innovacións arquitectónicas no que destaca os labores do III Congrès International d'Hygiène Scolaire, celebrado en París en 1910, interesándose especialmente pola open air school de Bradford.

As escolas ao aire libre celebraron o seu primeiro congreso en París, en 1922, promovido polo propio Dupertuis e Gaston Lemonier que estableceu unha escola ao aire libre seguindo os presupostos de Baginsky. Sobre ese congreso, promovido pola *Ligue française pour l'éducation du plein air* que o propio Lemonier fundara en 1906, di Mirella D'Ascenzo que nel se definiron as formas de clasificación de experiencias atribuíbles ao termo «escolas ao aire libre», que se caracterizaban por ter fiestras e espazos abertos en edificios situados fóra da cidade que acollían a nenos necesitados de cuidados médicos e hixiénicos especiais e que Dupertuis consideraba que este tipo de establecementos escolares non era desexable estendelos ao resto da poboación infantil. Aínda que a internacionalización do movemento foi crescendo cos congresos de Bruxelas (1931), o máis controvertido de Bielefeld-Hannover (1936) promovido polo médico Karl Triebold, e incluso despois da Segunda Guerra Mundial cos de Florencia (1949) e Zurigo-Xenebra (1953) apenas os menciona e refírese a presenza de Dupertuis no Congrès international de protection de l'enfance en 1928, tamén celebrado en París, no que case dous mil representantes de diversos países debateron sobre as características do método que seguían as escolas de aire libre e que contou coa presenza de Margaret McMillan (1860-1931) quen foi a creadora do movemento Open-Air Nursery Education en Inglaterra.

O segundo capítulo céntrase na xénesis e desenvolvemento das escolas ao aire

libre en Italia (Genesi e sviluppi in Italia). Parte da análise da delegación italiana no congreso de hixiene de París e a presenza nela de Luigi Pagliani (1847-1932), un dos principais protagonistas da medicina social e a organización da sanidade en Italia durante eses anos. Pero xa desde 1881 Achille De Giovanni viña traballando contra a tuberculose promovendo colonias escolares mariñas e de montaña, aínda que a idea das escolas ao aire libre para tratar este mal a tivese Mario Ragazzi, director da revista *Igiene della scuola*, así como Caterina Cecchini quen publicou en 1910 o artigo «La scuola all'aperto come arma preventiva contro la tubercolosi». Xa nesta presentación do tema central do capítulo se detén na cuestión da creación da primeira escola italiana ao aire libre en Padua en 1905 —tema que xa foi tratado no pasado número de Sarmiento— promovida polo médico Alberto Graziani (1880-1947). Ragazzi foi determinante no desenvolvemento das escolas ao aire libre italianas polo seu coñecemento do contexto europeo e da súa intervención no congreso de protección a infancia de París, xa mencionado. Aborda tamén como foi evolucionando o movemento nos anos do fascismo, deténdose no xa mencionado congreso de Bielefeld en 1936, onde italianos e alemáns quedaron en celebrar o seguinte en Roma en 1940, proxecto que foi interrompido polo comezo da guerra.

Ao fascismo interesábanlle as escolas ao aire libre e o Ministerio dell'Educazione Nazionale chegou a publicar en vistas dese congreso de 1940 varios estudos baixo o título *Le Scuole all'aperto in Italia*, editado por Camilo Quercia. Sen dúbida, existía un interese dos partidos fascistas polo aire libre que tiña moitos antecedentes na cul-

tura pedagóxica de Alemaña, conforme a certos postulados que en parte eran compartidos pola Escola Nova, como ben analiza a autora:

Pur nel quadro di una fascistizzazione delle istituzioni educative per la costruzione del consenso, le scuole all'aperto durante il fascismo promossero l'idea di una educazione integrale intesa come estensione di tale forma istituzionale a tutti i bambini, malaticci e non. I benefici dell'aria aperta e dell'outdoor erano sempre più evidenti, ben oltre gli aspetti medico-igienici: tempi di apprendimento distesi, spazi ampi e curati, utilizzo didattico dello spazio esterno per le diverse discipline scolastiche e forme di autogestione che favorivano la cooperazione tra alunni nonché la gestione della scuola come piccola comunità con incarichi che, sebbene spesso assegnati dagli insegnanti, erano comunque assolti dagli alunni promuovendo il senso di appartenenza alla comunità medesima e di responsabilità. Tali elementi erano condivisi dai Trenta punti della Scuola attiva promossi da Ferrière e dalla Lega internazionale delle scuole nuove, ma qui intensi nel senso di uno Stato etico di tipo fascista, che ripudiava le forme democratiche dell'educazione attiva straniera.

O capítulo fai un repaso a diversas escolas ao aire libre que foron abrindo en Italia despois da primeira de Padua: Xénova, Bérgamo, Roma, Milán, Turín, sen deixar de referirse a outras experiencias menores, case todas inauguradas no contexto da loita contra a tuberculose. Porén, o fascismo deulles pulo, dentro dun ensino de compañeirismo e laboriosidade e cunha práctica cotiá de traballos manuais. Certamente, o réxime totalitario contou coa colaboración nos primeiros anos de Giuseppe Lombardo

Radice quen axudaría a Gentile na época en que foi ministro de Instrución Pública de Mussolini, o que, en certa medida, permitiu conservar algunhas prácticas pedagóxicas activas, que despois de 1945 puideron ser outra vez orientadas a modelos democráticos e ensinanzas montessorianas.

O capítulo terceiro céntrase no caso da principal escola ao aire libre de Boloña: la scuola all'aperto «Fernando Fortuzzi», inaugurada o 22 de xullo de 1917, grazas ao papel que xogou Mario Longhena. Houbo antes na cidade un ambiente xerminal que se fortaleceu coa presenza de Giuseppe Badaloni no Congreso de Hixiene Escolar de París de 1910, xa mencionado, e ao que antecedían outros destacados hixienistas como Pietro Albertoni ou Francesco Zanardi, que foi o impulsor en 1903 do primeiro regulamento de hixiene do Concello de Boloña, así como profesores da Escola Pedagóxica de Boloña como Giulio Cesar Ferrari, fundador da Rivista de psicología aplicada a pedagogía e a psicopatología en 1905, que introduciu en Italia as ideas de Decroly, Binet e William James. Ferrari difundiría anos despois as ideas do activismo pedagóxico mantendo unha estreita relación con Ferrière e adheríndose finalmente á Liga Internacional da Educación Nova. Hai interesantes datos sobre as que foron as súas mestras na primeira fase: Argia Mingarelli, Maria Gaspari e Maria Chiara Serra. Inicialmente, seguiron o modelo de «Raggio dei Sole» de Padua. No entanto, o influxo nelas do naturalista e poeta francés Jean Henri Fabre, lévaas a se interesaren vivamente pola botánica e estableceron unha metodoloxía escolar baseada nela, que admira a Achille Sclavo cando visita o centro en 1924. Fai tamén referencia outras escolas ao aire libre da

cidade como as de Casaglia e Armandi Avogli, esta última transformada polo fascismo nunha institución para escolares con tracomatose.

É un libro que está moi ben documentado e profusamente ilustrado. A autora foi meticulosa, establecendo as etapas e os espazos onde o fenómeno sucedeu e ofrece moitos datos que compoñen unha rica paisaxe do que foi ese fenómeno no seu florecemento, apropiación polo fascismo e recuperación despois da Segunda Guerra Mundial. Comeza cun «apólogo» de Ferrière, recollido dun texto de 1920, Transformiamo a scuola, que lle serve á autora, profesora de Historia da Educación da Universidade de Boloña, para abrir os argumentos e a xustificación da obra na subseguinte introdución. Parecéronme especialmente interesantes as dúas fotografías que ofrece da escola de Padua, coa súa desaparición dos muros da aula e ao mesmo tempo a conservación da súa organización interna cos pupitres ben aliñados, todo dentro das novas tendencias de construción escolar da época que querían facer entrar o mundo exterior nas aulas. Certamente esta eclosión que tiveron as escolas italianas ao aire libre non existiu en España, que mantiña unha tradición distinta, xa que o método non estaba tanto en facer

edificios en contacto co aire libre, senón en estender o excursionismo como unha maneira de aprender directamente na natureza e co mundo rural, que iniciara xa a Institución Libre de Enseñanza en 1876. A síntese do seu traballo está ben explicada na contracuberta: «Nate ai primi del Novecento per alunni garcilli, la scuole all'aperto si diffusero in tutto il mondo, accomunate da pratiche igieniche e didattiche svolte in prevalenza open air. Il volume delinea le aree e i network di diffusione a livello internazionale nonché i legami con il coevo movimento dell'éducation nouvelle. Lo sguardo si concentra poi sulle diverse esperienze italiane, decisamente poco note finora, e analizza quelle realizzate nella città di Bologna, i protagonisti, gli intrecci, le reti di relazioni e il ruolo delle insegnanti per il rinnovamento dei metodi e dei contenuti dell'insegnamento. Fonti ed immagini inedite evidenziano la cultura scolastica prodotta in queste originali istituzioni educative poste ad intersezione della storia sociale dell'infanzia, della scuola e delle pratiche didattiche, capaci, ancor oggi, di rilanciare la sfida del rapporto tra bambini, scuola e natura, con rinnovata passione educativa, tesa tra passato e futuro».

Eugenio OTERO URTAZA
USC